



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MUROS E A ENTIDADE CLUB DE REMO MUROS PARA A ORGANIZACIÓN NO ANO 2023 DA VII BANDEIRA DE TRAIÑAS, MUROS DE SAN PEDRO E OS GASTOS DERIVADOS DO FUNCIONAMENTO E DA ACTIVIDADE XERAL DA ENTIDADE

COMPARECEN DE XEITO ELECTRÓNICO

Dunha parte, a alcaldesa do Concello de Muros, Dna. María Inés Monteagudo Romero con DNI [REDACTED], no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra D. Juan Fernández Mosquera con DNI [REDACTED], actúa como presidente en representación do Club de Remo Muros con CIF G15166333, e sede social en Rúa Porto de Muros, s/n - Apartado de Correos 29 15250 Muros (A Coruña).

Así mesmo, Secretaria da Corporación, Dna. Mónica Freire Dosil, que asina o documento aos únicos efectos de dar fe da sinatura do presente contrato.

As partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigáranse neste convenio e, para este efecto.

EXPOÑEN

- 1 O Concello de Muros dotou no ano 2023 un crédito inicial na aplicación 23/341.48000 do Orzamento Municipal para ese exercicio en concepto a transferencias correntes para o fomento do deporte.
- 2 O Concello de Muros ten como un dos seus obxectivos o deseño, programación, dinamización e coordinación do sector deportivo do municipio de Muros.
- 3 Que a promoción do Concello de Muros realízase por distintas canles sendo a colaboración coas entidades do municipio na organización de actividades culturais, lúdicas e de interese social as máis importantes.

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza 1, Muros 15250 A Coruña 981 826 050



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

4 A entidade, Club de Remo Muros, está a realizar un labor activo de dinamización deportiva e social no Concello de Muros, a través da organización da VII Bandeira de Traíñas Muros de San Pedro así como a actividade anual da entidade da que se derivan os respectivos gastos xerais e de funcionamento.

5 O artigo 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións de concesión directa.

6 Que debido ao obxecto subvencionable, consistente na realización dunha actividade da que é titular a entidade deportiva beneficiaria cuxo carácter e contido incorpóralle un interese público e social, que dificulta acudir á convocatoria pública.

Por todo o anterior, todas as partes interesadas acordan formalizar este convenio para establecer as obrigas e dereitos de cada unha delas atendendo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO, ÁMBITO TERRITORIAL E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

1 O obxecto deste convenio é contribuír dende o Concello de Muros a promoción do deporte de remo no municipio, a través da financiamento da organización de actividades de interese público, social e deportivo realizadas por estes no termo municipal de Muros de acordo cos seguintes fundamentos xurídicos:

- a. A Constitución Española de 1978 no seu artigo 43.3 encomenda aos poderes públicos fomentar a educación física e o deporte.
- b. Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, no seu artigo 8.1 encomenda aos municipios fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza 1, Muros 15250 A Coruña 981 826 050



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

- c. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2 que atribúe as competencias ás entidades locais e do seu obxecto social que se describe no punto segundo.

2 Actividades de fomento, promoción e difusión do deporte, como son:

VII Bandeira de Traíñas Muros de San Pedro e os gastos que se derivan da actividade xeral e do funcionamento da entidade durante o ano 2023.

As actividades subvencionables serán as efectivas durante a temporada correspondente ao ano 2023.

- 3 As subvencións reguladas neste convenio serán compatibles con outras axudas ou subvencións percibidas polas entidades beneficiarias para a mesma finalidade procedentes doutras entidades públicas ou privadas. A súa suma non poderá superar o gasto total das actividades que son obxecto deste convenio e descritas anteriormente.

SEGUNDA.- ÁMBITO TEMPORAL E VIXENCIA

Este convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2023, sen prexuízo da realización das accións de control que se deriven unha vez finalizada a súa vixencia.

TERCEIRA.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

A entidade Club de Remo Muros comprométese a que a realización da VII Bandeira de Traíñas Muros de San Pedro será no termo municipal de Muros.

Por outro lado e de acordo coas bases de execución do orzamento e coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a entidade, Club de Remo Muros obríganse a:

- 1 Realizar as actividades que constitúen o obxecto deste convenio dentro do exercicio económico de vixencia.
- 2 Presentar antes do 15/12/2023 facturas orixinais ou fotocopias compulsadas pola Secretaría da corporación ou autenticadas ante notaría xustificativas dos gastos efectuados que teñan relación directa ou indirecta co obxecto deste convenio, cos

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza 1, Muros 15250 A Coruña 981 826 050



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

requisitos formais e materias esixidos polo RD 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Considéranse gastos subvencionables: todos os vinculados á actividade como bens correntes, transportes, taxas e premios, seguros, protocolo, publicidade, servizos ou persoal contratado. A concesión dos premios derivados da actividade deberán acreditarse, no caso de persoas físicas, mediante recibín asinado do perceptor debidamente identificado (nome e apelidos e NIF), e no que conste a descrición do premio percibido en importe íntegro, o importe e a porcentaxe de retención do IRPF que corresponda en función da contía do premio e o importe líquido pagado. No seu defecto, mediante documento acreditativo do ingreso mediante transferencia bancaria. Igualmente deberá aportarse acta ou documento acreditativo equivalente do resultado da competición e dos importes asignados como premios polos organizadores.

- 3 No suposto de pagamentos a conta, presentar xustificantes do gasto realizado cos requisitos do parágrafo anterior por importe equivalente a cantidade a abonar.
- 4 Antes de realizar calquera pagamento, presentar acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5 Comunicar ao Concello de Muros por escrito a solicitude e obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou ente público
- 6 Comunicar por escrito a modificación das circunstancias que motivaron a concesión da subvención.
- 7 Atender calquera requirimento realizado pola Intervención municipal no exercicio das funcións de control financeiro que lle atribúe o artigo 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- 8 Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

control competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das anteriores actuacións.

9 As previstas con carácter taxado no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

10 Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa do Concello de Muros mediante a achega dos documentos gráficos nos que quede constancia.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE MUROS

1 O Concello de Muros, realizará o pago anticipado previa acreditación polo beneficiario de estar ao corrente no cumprimento da obrigas tributaria e fronte a Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, da cantidade de 12.000,00 € con imputación na partida 23/341.48000 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2023, no seguinte número de conta:

- Entidade beneficiaria: Club de Remo Muros
- IBAN:ES71 2080 0302 7430 4000 7500
- Entidade financeira: ABANCA

2 A entidade beneficiaria queda exonerada da constitución da garantía para a tramitación de dito pago.

QUINTA.- PRAZO E MODALIDADE DE XUSTIFICACIÓN

1 A Club de Remo Muros asume o compromiso ante o Concello de Muros antes do 15.12.2023 mediante a presentación da seguinte documentación:

- a. Unha memoria da actuación que xustifique o cumprimento das condicións establecidas neste convenio, con indicación á actividade realizada e aos resultados obtidos.
- a. A conta xustificativa dos pagamentos efectuados por parte do Concello de Muros atendendo ao apartado número 2 da cláusula terceira deste convenio.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

b. Declaración por parte da Club de Remo Muros, se existira, do importe, a procedencia e a aplicación doutros fondos destinados a financiar as actividades que son obxecto neste convenio.

2 Tanto a ampliación do prazo de xustificación como os prazos de emenda da documentación xustificada rexerese pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- PERDA DO DEREITO DE COBRO

Producirase a perda do dereito de cobro total ou parcial da subvención por falta de xustificación no prazo fixado no parágrafo 2º da cláusula terceira deste convenio, e pola concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SÉTIMA.- REINTEGRO

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas cando recaia resolución xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación da resolución de concesión.
2. Tamén procederá o reintegro e a esixencia de intereses de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro nos casos previstos no artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. O procedemento de reintegro será o establecido no Capítulo I e II do Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVA.- INTERPRETACIÓN E CUMPRIMENTO

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, e cando se formulen discrepancias, serán resoltas pola alcaldesa do Concello de Muros, previo informe de Secretaría e Intervención municipal.
2. O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo, dando lugar ao reintegro que en cada caso proceda.

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza 1, Muros 15250 A Coruña 981 826 050



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

3. Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.
4. En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto nas seguintes ordenacións xurídicas:
 - Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.
 - Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
 - RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, nas Bases de execución do orzamento, e demais disposicións de aplicación.

NOVENA.- EFICACIA E ENTRADA EN VIGOR

As obrigas económicas previstas neste convenio entrarán en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2023, quedando condicionada a súa eficacia a previa xustificación da existencia de dotación orzamentaria no Orzamento Municipal de dito exercicio, ou na prórroga do vixente, extremo que se acreditará mediante a incorporación ao mesmo do documento AD, sen que sexa preciso trámite adicional algún.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, estendéndose por triplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

En proba de conformidade, asinamos en exemplar duplicado, no lugar e na data que se indican a seguir.

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza 1, Muros 15250 A Coruña 981 826 050



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A alcaldesa do
Concello de Muros

O presidente do
Club de Remo de Muros

A secretaria da corporación

María Inés Monteagudo
Romero

Juan Fernández Mosquera

Mónica Freire Dosil